



Análise FGE

# As eleccións europeas e a renovación do ciclo institucional da UE

O vindeiro mes de xuño, entre os días 6 e 9, celébranse nos Estados membros da UE eleccións ao Parlamento Europeo para elixir aos eurodeputados que conformarán a **décima lexislatura** desta institución colexisladora da UE.

**Data de publicación:** 26 de abril de 2023

**Contacto:** [bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu](mailto:bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu)


## Eleccións europeas

Entre o 6 e o 9 de xuño celébranse eleccións ao Parlamento Europeo para elixir aos eurodeputados que conformarán a **décima lexislatura** desta institución colexisladora da UE .


A presente lexislatura 2019-2024 arrancou con 750 deputados, pero trala reasignación producida por motivo do Brexit, a súa composición final quedou en 705 eurodeputados. En setembro de 2023 produciuse unha segunda reasignación con vistas ás vindeiras eleccións, sumando 15 escaños máis.

Por tanto, o Parlamento Europeo contará con 720 escaños no próximo mandato institucional, e España aumentará a súa representación en 2 escaños respecto á lexislatura actual, pasando a ter asignados 61. Os escaños do Parlamento Europeo repártense de maneira proporcional á poboación de cada Estado membro.

### Sistema de votación y número de escaños




En termos de composición política, velaquí a **composición actual do Parlamento Europeo**:



A cámara está formada por sete grupos políticos:

1. **Partido Popular Europeo** (Demócrata-Cristiáns) (PPE). 179 escaños (25,4%)
2. **Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas** (S&D). 146 escaños (20,7%)
3. **Renew Europe** (coalición da antiga Alianza de Liberais e Demócratas Europeos (ALDE), o Partido dos Demócratas Europeos (PDE) e o partido do presidente francés Emmanuel Macron (antes *Republique en Marche*, agora *Renaissance*). 98 escaños (13,9%).
4. **Verdes/ Alianza Libre Europea** (Verts/ALE). 73 escaños (10,4%).
5. **Identidade e Democracia** (ID). Creado tralas eleccións de 2019, reúne a nove partidos de extrema dereita como a Liga en Italia (Salvini), a Agrupación Nacional de Francia (Le Pen), Alternativa para Alemaña ou o Vlaams Belang en Bélxica. 71 escaños (10,1%).
6. **Conservadores e Reformistas Europeos** (ECR). Creado en 2009, este grupo reúne actualmente a 15 partidos nacionais como Lei e Xustiza en Polonia (Morawiecki), Hermanos de Italia (Meloni), Vox en España ou a Nova Alianza Flamenca (De Wever). 63 escaños (8,9%).
7. **A Esquerda** (GUE-NGL, *The Left*). 39 escaños (5,5%)
8. Non inscritos (NI): 36 eurodeputados non están inscritos a grupo ningún

E a continuación, amósase a **evolución do peso dos grupos políticos** en cada legislatura, na que se aprecia a diminución da representatividade dos dous grandes grupos PPE e S&D:



O **auge da dereita nacionalista e a extrema dereita** nas enquisas parece maior, cunha predición de que poidan conseguir case unha cuarta parte dos escaños. Mesmo algunhas enquisas dan como gañadores a estes partidos en nove Estados membros.

Constituirían a terceira forza do Parlamento Europeo, se ben non terían capacidade para bloquear votacións, xa que isto require o 51% dos votos. Aínda así, algúns temen o auge da extrema dereita polas influencias euroescépticas que poidan ocasionar e por que poidan influír na axenda política europea en asuntos como o Estado de Dereito ou a inmigración, e bloquear ou descafeinar a axenda climática. Representantes destes partidos poderían tamén acadar postos de responsabilidade dentro do Parlamento, como presidir comisións ou formar parte da Mesa, algo que lles foi bloqueado ata agora.

## Eleccións dos altos cargos da UE

Tralas eleccións, comeza unha negociación política entre os Estados membros para designar os máis altos cargos institucionais da Unión, sendo estes os seguintes:

- Presidente do Consello Europeo:** dirixe os traballos da institución do mesmo nome, composta polos 27 Xefes de Estado ou de Goberno dos Estado membro da UE e encargada de fixar as **prioridades xerais e a orientación política da Unión**, determinando así a dirección que deben tomar as políticas e actos legislativos elaborados. O Consello Europeo non conta con competencias legislativas; é dicir, non participa na elaboración das leis, senón que fixa os obxectivos que estas deben perseguir. A institución tamén establece a **política exterior e de seguridade común** tendo en conta os intereses estratéxicos da UE, e **representa á UE no exterior neste ámbito**.

- **Presidente da Comisión Europea:** O máis alto funcionario executivo da UE, que orienta politicamente á Comisión no seu labor de propoñer e facer cumprir a lexislación da UE, aplicar as políticas e xestionar o orzamento comunitario. Tamén convoca e preside as reunións do Colexio de Comisarios, participa nas reunións do G7 e contribúe aos grandes debates no marco do Parlamento Europeo e entre os gobernos nacionais.
- **Presidente do Parlamento Europeo:** este cargo encárgase de representar ao Parlamento en cuestións xurídicas e nas súas relacións internacionais, garante o cumprimento dos procedementos parlamentarios e supervisa as actividades do Parlamento e das comisións parlamentarias. Este posto elíxese dúas veces por lexislatura europea, ao comezo e no ecuador da mesma, por un mandato de 2 anos e medio.
- **Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade:** é un dos comisarios e vicepresidentes da Comisión Europea, responsable de coordinar e dirixir a Política Exterior e de Seguridade Común (PESC) da UE, incluída a Política Común de Seguridade e Defensa (PCSD). De acordo coas súas atribucións, preside o Consello da UE na súa formación de Asuntos Exteriores e dirixe a Axencia Europea de Defensa e o Servizo Europeo de Acción Exterior (SEAE), que é o servizo diplomático da UE.

A elección destes postos responde a un complexo xogo de equilibrios entre familias políticas e Estados membros, debido a que todos eles, salvo a presidencia do Parlamento Europeo, deben ser nomeados por **maioría cualificada no Consello Europeo**. A presidencia do Parlamento Europeo é designada por maioría absoluta dos eurodeputados elixidos nas eleccións (o 50% máis un). Sen embargo, é común que a súa elección termine sendo parte das transaccións entre capitais e familias políticas europeas -seguindo acordos previos e ligados ás negociacións doutros altos cargos-.

Tras a elección do presidente da Comisión Europea, comeza o proceso de **designación do resto do colexio de comisarios**, composto por 25 comisarios máis o alto representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade (que se elixe de maneira independente, por maioría cualificada do Consello Europeo). Cada Estado membro propón a un dos 25 candidatos a comisario e a carteira que ocupará, en consulta co presidente da Comisión.

Despois, os comisarios han de superar audiencias individuais nas comisións de traballo do Parlamento Europeo, onde se examina a súa independencia e idoneidade para o posto. Nas últimas lexislaturas, un ou dous candidatos a comisario non pasaron esta proba. Unha vez obtido o visto bo das comisións, a composición do Colexio de Comisarios é sometida en bloque á votación do pleno do Parlamento Europeo.

## A elección da presidenta da Comisión: o sistema de *spitzenkandidaten*

Inmediatamente despois das eleccións, e conforme aos Tratados da UE (conxunto de acordos internacionais entre os Estados membro que conforman a base constitucional da Unión), o Consello Europeo debe propor, por **maioría cualificada**, a un candidato á **presidencia da Comisión Europea** tendo en conta o resultado das eleccións, para logo sometelo á aprobación da Eurocámara.

Así e todo, os grupos políticos do Parlamento Europeo avogaron nos últimos anos por utilizar un sistema de designación diferente, a partir dunha lista de *spitzenkandidaten* ou “**candidatos principais**” designados por cada unha das familias políticas europeas antes das eleccións, de forma que o **candidato do grupo político con máis escanos** sexa, de oficio, o designado polos líderes europeos.

Con esta innovación constitucional preténdese que o **proceso de designación** sexa máis **transparente, xusto** e non estea suxeito ao “tira e afrouxa” que adoita entre líderes nacionais no seo do Consello Europeo. Tamén permitiría facer máis comprensible para os cidadáns da UE o proceso que conduce á elección do Presidente da Comisión e reforzar a súa lexitimidade, ao **establecer un vínculo máis directo entre as eleccións europeas e o nomeamento deste cargo**.

A maioría das familias políticas europeas xa elixiron aos seus candidatos principais (PPE, PES, Verdes, Esquerda Europea, Renew Europe), agás **Identidade e Democracia (ID)** e o grupo dos **Conservadores e Reformistas Europeos (ECR)**, que non son partidarios desta fórmula:

- Ursula von der Leyen conseguiu o apoio do **Partido Popular Europeo (PPE)** para converterse na candidata principal do centro-dereita a principios de marzo;
- O actual comisario de Emprego, o luxemburgués Nicolas Schmit, foi designado polos **socialistas europeos**;
- **A coalición liberal de Renew Europe** designou a tres candidatos principais: Marie-Agnes Strack-Zimmermann representando a ALDE, o eurodeputado Sandro Gozi, candidato de EDP, e a eurodeputada e actual líder do grupo no Parlamento, Valérie Hayer, do grupo francés *Renaissance*. Esta última será a candidata encargada de dirixir a campaña e, seguramente, a que opte ao alto cargo.
- **Os Verdes** designaron aos actuais eurodeputados Terry Reintke (DE) e Bas Eickhout (NL)
- O **Grupo da Esquerda** nomeou ao austriaco Walter Baier, presidente do partido Esquerda Europea desde decembro de 2022.

Malia terse aplicado este sistema de *spitzenkandidaten* na elección de **Jean-Claude Juncker** como presidente da Comisión en 2014, non foi así en 2019, pois finalmente o cabeza da lista máis votada nas eleccións, o alemán de centro-dereita Manfred Weber, non obtivo o beneplácito do Consello Europeo. No seu lugar, foi proposta a tamén alemá **Úrsula von der Leyen**, a partir do consenso entre os líderes nacionais alemán (Angela Merkel) e francés (Emmanuel Macron), obtendo o respaldo do Consello Europeo e, posteriormente, do Parlamento Europeo.

Segundo a prensa e analistas da política europea, a presidencia da Comisión e do Parlamento poderían ser revalidadas por Úrsula von der Leyen (PPE) e Roberta Metsola (PPE), respectivamente.

No caso da Presidencia do Consello Europeo e do Alto representante non está tan claro: o primeiro podería ir parar a un socialista (Mette Frederiksen, primeira ministra de Dinamarca, ou Antonio Costa, primeiro ministro portugués) e o segundo, para os liberais (Kaja Kallas, primeira ministra de Estonia, parece ser a candidata máis clara).

Alguns outros nomes que soan para os *top jobs* son: Xavier Bettel (ex dirixente liberal luxemburgués), António Costa (ex primeiro ministro socialista portugués), Alexander de Croo (primeiro ministro liberal belga), Mario Draghi (tecnócrata italiano e ex xefe do BCE), Mette Frederiksen (primeira ministra danesa de centro-esquerda), Kaja Kallas (primeira ministra liberal estoniana), Enrico Letta (deputado e ex primeiro ministro italiano de centro-esquerda), Mark Rutte (ex primeiro ministro liberal holandés), Pedro Sánchez (presidente do goberno socialista español) e Leo Varadkar (líder irlandés de centrodereita).

## Calendario orientativo

<b>23/05, 15-17h</b>	Debate cos candidatos principais organizado por Eurovisión
<b>16-19/07</b>	16-19/07 Sesión plenaria constitutiva do PE: elección do presidente, vicepresidente e comisións
<b>Xullo</b>	Reunión do Consello Europeo no que se designarán os altos cargos das institucións
<b>16-19/09</b>	Elección do presidente da Comisión Europea
<b>Outubro</b>	Proceso de designación dos comisarios, audiencias no PE
<b>31/10</b>	31/10 Fin do mandato da actual Comisión Europea
<b>30/11</b>	30/11 Fin do mandato do actual presidente do Consello Europeo